

ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN DE ARRANXO DAS CUBERTAS DAS INSTALACIÓNS DO MARCO, MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Reunida a Mesa de Contratación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, sendo as 09.30 horas do día 7 de setembro de 2020 na Sala de Padroado, convocada e anunciada aos oferentes e constando acuse de recibo, da conta do seguinte:

Asisten:

Presidente:

- D. Miguel Fernández-Cid Enríquez, escusa a súa asistencia ao acto.

Vogal:

- D. Martiño Nogueira Canle. Xerente da Fundación MARCO

Como testemuñas asisten:

- D. Alberto Abal García

- D.^a Marta Viana Tomé

Orde do Día:

1.- Dar conta dos sobres recibidos:

- Prace Servicios y Obras, S. A.
- Construcciones Lapatian, S. L.

O xerente anuncia a apertura do Sobre A, que debe conter a documentación administrativa; se non hai causa eliminatoria abrirose o sobre B que se remitirá a valoración do proxecto por parte dos arquitectos municipais. O Sobre B debe conter un USB co proxecto, como se sinalaba nos pregos de licitación.

2.- Cualificación da documentación administrativa, SOBRE A:

Procédese á apertura do Sobre A, que inclúe DEUC e Anexos.

3.- Apertura de documentación técnica SOBRE B

Procédese á apertura dos Sobre B de cada unha das empresas presentadas.

Ábrese o USB de Prace Servicios y Obras, S. A., que contén dúas carpetas: “PRACE SOBRE B; CC” e “PRACE SOBRE B MC”.

Ábrese o USB de Construcciones LAPATIAN S. L., que contén dúas carpetas: “SOBRE A” e “SOBRE C”. Non inclúen proxecto e inclúen oferta económica.

Remítese á Comisión Externa de Valoración dos criterios técnicos unicamente a documentación de Prace Servicios y Obras ao quedar descartada a oferta de LAPATIAN por conter defectos non subsanables.

Finaliza o acto ás 09.45.

En Vigo, a 7 de setembro de 2020

Martiño Nogueira Canle
Xerente
Fundación MARCO